

OLLADAS DE MULLER 2020

PIONEIRAS DO CINE (I)

WOMEN MAKE FILM

ANGELA SCHANELEC (I)

ESENCIAIS: IDA LUPINO

FÓRA DE SERIE

CGAI JÚNIOR

OFF GALICIA: NCG10 / PREMIOS DARWIN

PENSANDO EN CINE, PENSANDO EN GALICIA: XOSÉ RAMÓN GAYOSO

DESECADRES: PUNTO DE VISTA (RENATE SAMI & UTE AURAND) / STAN BRAKHAGE (39)

XUNTA DE GALICIA

OLLADAS DE MULLER 2020

En colaboración co Consello da Cultura Galega



Esta nova edición do ciclo que organiza o CGAI-Filmoteca de Galicia en colaboración co Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura Galega con motivo do 8 de marzo céntrase na dupla liña de actuación de anos pasados. Por unha banda, preséntanse diferentes obras de creadoras galegas, comezando pola película que inaugura esta edición, *Os fillos da vide*, de Ana Domínguez, e seguindo con películas como *Esquece Monelos*, de Ángeles Huerta, *Arima*, de Jaione Camborda ou a curtametraxe *As mulleres co mundo na cabeza*, de Encarna Otero Cepeda. Aproveitándonos a efemérides que nos presta o bicentenario do nacemento da escritora Concepción Arenal, recuperamos *Concepción Arenal, la visitadora de cárceles*, produción galega de Zenit Comunicación.

Pola outra, amósanse unha serie de destacados traballos de cineastas portuguesas e francesas. Os destas últimas son particularmente significativos, xa que nos confrontamos coas restauracións das películas máis sobranceiras do colectivo feminista Les Insoumuses, formado por Nadja Ringart, Carole Roussopoulos, Delphine Seyrig e Ioana Wieder: *Maso et Miso Vont en Bateau* (1976), *S.C.U.M. Manifesto 1967* (1976) e *Sois belle et tai-toi* (1976), que dirixiu en solitario a actriz Delphine Seyrig. Da parte portuguesa proxectaranse *Colo*, de Teresa Villaverde, un devastador retrato das consecuencias da crise nunha nai e a súa filla adolescente, ata varios traballos da documentalista Salomé Lamas, que o día 6 de marzo ha presentar o seu filme *Extinção* onda o seu libro *EXTRACTION: The Raft of the Medusa* (Ed. Estraperlo).

A restauración dixital de S.C.U.M. Manifesto 1967 realízase no laboratorio do servizo audiovisual do BNF.

Maso et Miso Vont en Bateau foi restaurada por ZKM Karlsruhe en colaboración co Centre Pompidou.

Agradecementos: Ana Domínguez; Zaza Ceballos/Zenit Comunicación; Centre audiovisuel Simone de Beauvoir; Ángeles Huerta; Gonzalo Veloso/Intersección; Salomé Lamas; Tabakalera San Sebastián; Agência da Curta Metragem; Jaione Camborda; Encarna Otero; Leonor Zúñiga.

PIONEIRAS DEL CINE (I)

Ao longo de varios meses, o CGAI-Filmoteca de Galicia irá presentando diferentes programas das moitas pioneiras do cine ás que a historia deixou no esquecemento. Por pioneiras entendemos mulleres que traballaron na industria, fundamentalmente na norteamericana, nas primeiras décadas do cine, case que todas elas no período do mudo, malia podermos tamén contabilizar algunha excepción nos anos trinta do século pasado. En case todos estes casos foron unhas carreiras demasiado efémeras. E se nos centramos na industria é porque fóra dela, nos terreos da animación ou das prácticas experimentais, o papel das mulleres tivo máis continuidade e recoñecemento: Germaine Dulac, Lotte Reiniger, Maya Deren, Marie Menken etc.

Neste programa de marzo e abril dedicaranse sesións a Alice Guy ou Alice Guy-Blaché (1873-1968), que comezou moi axiña en Francia (1896) e que na segunda década do século XX desenvolveu practicamente a carreira toda nos Estados Unidos e a quen se adoita considerar a primeira muller en dirixir unha película de ficción; Lois Weber (1879-1939), actriz nos seus comezos, devén en activa directora na segunda década do século e nos anos vinte realiza algunha indiscutida obra mestra como *The Blot* (1921); Mabel Normand (1892-1930) é un caso extraordinariamente singular, pois na década dos dez foi unha das cómicas que, traballando para Mack Sennet e partillando cartel con Charles Chaplin ou Fatty Arbuckle, non só puido dirixir as súas propias curtametraxes (algunhas con Chaplin), senón que logrou que o seu personaxe homónimo (Mabel) aparecese nos mesmos títulos; finalmente, Ruth Ann Bladwin (1886-?) é unha directora moito máis descoñecida, cunha breve filmografía nos anos dez que conclúe con *'49-'17* (1917), un western autorreflexivo moi adiantado ao seu tempo.

Agradecementos: Penteo Films.

PUNTO DE VISTA: RENATE SAMI E UTE AURAND

En colaboración con Punto de Vista



Este ano o festival Punto de Vista de Pamplona dedica unha retrospectiva a catro directoras da área xermana, Helga Fanderl, Jeannette Muñoz, Renate Sami e Ute Aurand, tomando "como punto de partida o torrente de apoio e afecto mutuos que xorde da relación entre estas catro cineastas." Se de Fanderl e Muñoz xa se viron moitos dos seus traballos no CGAI-Filmoteca de Galicia (da primeira con ocasión da edición de 2017 de S8, Mostra de Cinema Periférico), esta retrospectiva constituía un motivo inmemorable para recuperar os de Sami e Aurand.

Renate Sami (Alemaña, 1935) é unha cineasta cuxa obra se resiste ás clasificacións. Como escribe Aurand, «desde o seu primeiro filme en 1975, todas e cada unha das súas obras xermolaron do mesmo desexo intenso de facer este filme en particular. Quer sexan longametraxes ou curtametraxes, rodadas en 16 mm, Mini DVD ou HD, sen son ou sen diálogos ou música, o que todas teñen en común é a especial liberdade interior con que Renate Sami fornece a cada película cadansúa forma».

Ute Aurand (Alemaña, 1957) foi unha figura fundamental da escena cinematográfica berlinesa desde a década dos oitenta e na actualidade é unha das cineastas en activo máis relevantes da tradición do diario e do retrato en 16 mm. Como programadora defendeu a obra das mulleres cineastas e exhibiu os seus filmes en diálogo coas doutras compañeiras e amigas directoras. Cabo de Renate Sami, organizou o lexendario ciclo *FilmSamstag* no cine Arsenal (1997-2007). Ademais dunha sesión coas curtametraxes que se presentan en Punto de Vista, recuperaremos a súa longametraxe *Rushing Green with Horses* (2019), que se estreou en España na edición anterior do festival navarro.

Agradecementos: Garbiñe Ortega, Garazi Erburu Irigoyen/Punto de Vista; Renate Sami; Ute Aurand.

WOMEN MAKE FILM

Anos de traballo deron forma a esta afouta continuación de *The Story of Film: Una odisea* de Mark Cousins, que mostra con máis de mil secuencias como se fai unha película. Consta de 40 capítulos e formula diferentes cuestións: como se fai un bo plano de apertura?, como se encadra unha imaxe?, como se presenta unha personaxe?, como se roda o sexo, a danza ou a morte?, como se representan o traballo e o amor no cine? ou como funcionan os xéneros coma a comedia, o melodrama ou a ciencia ficción?

Estas cuestións resólvense empregando exclusivamente secuencias de películas dirixidas por mulleres, entre as que figuran as directoras máis coñecidas, mais tamén outras mulleres esquecidas de todas as épocas do cine e en todos os continentes. *Women Make Film* é unha revelación, unha celebración do oficio do cine e un *j'accuse* á historia do celuloide.

Women Make Film revisita o cine desde os ollos de directoras de todo o mundo. Unha nova viaxe a través do cine.

Non fala sobre a vida das cineastas. Non é unha historia cronolóxica. Non é unha análise das diferenzas entre directoras e directores de cine. Tampouco é unha desas listaxes de mellores películas da historia.

É unha película sobre as películas, sobre as escenas. Responde a preguntas prácticas: Como seducir desde o comezo cunha película? Como deixar claro o ton? Como facela crible? De que maneira orixinal se pode introducir un personaxe? Como facer que un tróvilin sexa máxico?

E as escenas de soños, coreografías, o lugar de traballo ou a política? Como se gravan os corpos? Como mostrar o amor? E a tensión, a lembranza ou a morte? Facemos 40 preguntas coma estas. En 40 capítulos. 40 montaxes en estrada. 40 historias sobre a grandeza do cine que no CGAI-Filmoteca de Galicia veremos en sete sesións de dúas horas cada unha.

Mark Cousins / Avalon Distribución.

ANGELA SCHANELEC (I)

En colaboración con Goethe Institut



Coincidindo coa estrea en España da súa última película, *Estaba en casa, pero...*, premio á mellor dirección no Festival de Berlín 2019, o CGAI-Filmoteca de Galicia dedica unha completa retrospectiva á cineasta alemá Angela Schanelec (Aalen, 1962), unha das voces máis destacadas da que se deu en chamar Escola de Berlín (Christian Petzold, Ulrich Köhler, Maren Ade, Thomas Arslan, Valeska Grisebach, etc). Dela dicía Elena Duque no dicionario *50 directoras del siglo XXI* publicado por Caimán Cuadernos de Cine no número 60, "os seus encadres medidos, case abstractos, afastan o foco do fluxo narrativo a prol do emocional. A través do espazo, da luz, dos movementos e das accións (resoan Bresson e Akerman) saca a relucir esa loita por entenderse a si mesmos e expresarse duns personaxes (case sempre mulleres) que buscan reconciliar o que desexan co que lles sucede." Mentres, co gallo da retrospectiva que lle dedicou Tabakalera San Sebastián, o seu cine era descrito deste xeito: "A palabra "radical" vén do latín *radicalis* e significa "relativo á raíz". Angela Schanelec é unha directora radical. Unha directora que busca e explora na orixe da linguaxe cinematográfica as ferramentas para un novo cine. Trátase de subverter certos códigos establecidos. Trátase de formular a posibilidade real de facer un cine de ficción único baseado nos seus elementos máis básicos: observación aberta, estruturas non hexemónicas, a importancia da secuencia-espazo, narrativas arredadas do causal e cronolóxico, e unha busca de momentos visualmente arrebatadores na metade do cotián: un baño nun río, unha conversa nun parque, un paseo nocturno, unha man pousándose sobre outra man no escenario dun clareiro do bosque ou un encontro inespereado de dous vellos amigos moitos anos despois nas rúas dunha cidade de Europa." Benvidos ao cine fondamente emocional de Angela Schanelec.

Agradecementos: Tabakalera San Sebastián; Eva Sangiorgi, Ficunam; La Casa Encendida; Films Boutique, Filmgalerie 451, Deutsche Kinemathek.

ESENCIAIS: IDA LUPINO

Máis coñecida como actriz, Ida Lupino (1918-1995) tivo tamén unha breve mais intensa carreira como directora, a única directora que traballou para os estudos de Hollywood nos anos 50 (e a segunda, despois de Dorothy Arzner, en ser admitida no sindicato americano de directores, DGA). A súa popularidade como actriz está ligada a dúas películas que filma de forma consecutiva para Raoul Walsh formando parella con Humphrey Bogart, *Pasión ciega* (*They Drive by Night*, 1940) e *El último refugio* (*High Sierra*, 1941). Con fama de problemática por ser moi selectiva na escolla dos seus traballos, Lupino desenvolveu unha carreira de gran personalidade con directores como Michael Curtiz, Nicholas Ray, Don Siegel, Robert Aldrich, Fritz Lang ou Sam Peckinpah, antes de se centrar na televisión. Proba desta singularidade é o seu salto á produción e logo á dirección. A produtora que forma co seu marido hase chamar inequivocamente The Filmmakers (cun só m). Esa pasaxe á dirección é accidental, cando enferma Elmer Clifton, o director dunha das súas producións, *Not Wanted* (1949) e ela ten que se pór atrás da cámara, malia non aparecer como tal nos créditos. Mais a temática social desta película, coescrita tamén por Lupino, definirá o xénero onde se encadran as súas posteriores realizacións, de marcado carácter psicolóxico: *Never Fear* (1950), *Outrage* (1950) ou a máis popular, *El bigamo* (*The Bigamist*, 1953). Porén, o seu filme máis coñecido será *El autoestopista* (*The Hitch-hiker*, 1953), unha mostra de cine negro protagonizada por Edmond O'Brien, un xénero deica ese momento vedado ás mulleres. A partir desa altura, aínda que dirixirá algunha que outra ocasional longametraxe, a súa carreira hase centrar na televisión, medio para o que realizará diferentes episodios de series tan afamadas como *Alfred Hitchcock presenta*, *Los intocables*, *El fugitivo* ou *The Twilight Zone*. Este pequeno ciclo que lle dedica o CGAI-Filmoteca de Galicia céntrase no seu traballo como directora coas películas *Not Wanted*, *Never Fear*, *El bigamo* e *El autoestopista*, ademais de *La casa de las sombras* (*On Dangerous Ground*, 1951), película que coprotagonizou xunto a Robert Ryan para Nicholas Ray, a quen ademais substituíu como directora cando el enfermou. Como era costume en Hollywood, este tipo de reemprazos nunca están acreditados.

